

VELLOS E NOVOS INTRES

M.D.G./2006/

Como iamos imaxinar sequera, naquela altura de 1982, cando se pensaba nun título para a “nascitura” revista do Instituto de Melide, que xa existía outro “INTRES”...?

En efecto, o dramaturgo compostelán Luís Manteiga, esa “alma tráxica”, que morre en 1949, tamén autor de relatos, publicaba na revista “NÓS”, tres capítulos de novela iniciática “INTRES” (ANOS 1934-1935).

Nela deseña L.M. a evolución ideolóxica e emocional que o levaría a afastarse da loita política partidaria, para se abeirar nun individualismo revestido de reberetes culturalistas...

Ao longo dos seus catorce capítulos van aflorando temas existenciais coma os da soidade, o sufrimento, a decepción... (unha premonición quizais dos derroteiros que había seguir o “Grupo Galaxia”...?)

A súa estrutura narrativa fainos pensar no modelo que seguira Castelao en “RETRINCOS”.

En “Albiña” –relato que completa o volume– focalízase o conflito interno dunha moza que deberá decidir entre deixarse arrastrar polos convencionalismos sociais

da época, ou confesarlle ao amante que ela non lle dá correspondido co mesmo sentimento.

Neste ano (2006), consagrado á “memoria histórica”, tamén se está a traballar por restituír ao imaxinario colectivo a “biografía nacional galega”, os episodios da anovación artístico-literaria (as Vanguardas) e os sinais de identidade histórica, que abrollaron polas décadas dos 20 e 30 do pasado século, brutalmente silenciados pola guerra e o réxime posterior (aquela “Longa noite de pedra”).

O rescate de figuras coma a do malogrado L. Manteiga –que acaban de recuperar Laura Tato e Manuel Ferreiro, no 2003, centenario do seu nacemento: Luís Manteiga: “INTRES 1934-1935, Edicións do Castro, 2005)– poden ubicarse dentro dese movemento reivindicativo da historia p e r i g o s a m e n t e “esquecida” deste país (nazón?, nación?, “Nazón de Breogán”?, “realidade nacional”...?).

A edición de M. Ferreiro, baseada nos manuscritos que lle proporcionara a familia Cameo Lorenzo, incide na



reconstrución da historia da literatura galega, i n t e r r o m p i d a traxicamente por “Os dous de sempre”...

Cómpre a estas horas superarmos xa a “política de homenaxe” e de medallas, e comprometérmonos seriamente coa defensa activa dos repertorios culturais diferenciados, para que a benemérita obra dos antergos non sexa vítima de máis culpables esquecementos, nin durma o sono dos leiróns nos andeis de museos ou bibliotecas (supoñamos que da “Cidade da Cultura”, por non sinalar o monte Gaiás)...